

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Marino Dónega do 20/10/1978**

**Colección:**

**Data:** 20/10/1978

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Marino Dónega;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*Imágenes de Galicia*; Artes; Artes visuais; Espazos artísticos; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Imágen;

**Mencionados:**

Isaac Díaz Pardo; Fernando Dónega; Domingo García-Sabell; Álvaro Gil Varela; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Marino Dónega do 20/10/1978

Buenos Aires, 20 de Outubro de 1978

Sr. D. Marino Dónega Rozas  
A Coruña

Querido Dónega:

Onte escribinlle a Diaz Pardo e dígolle que fai meses que non teño noticias tuas, pois suponme informado de moitas cousas das que non teño noticia en absoluto. A tua derradeira carta foi do 5/VIII, na que me invitábades, en nome do Museo, a participar nun xantar a Alvaro Gil, e na que me anuncias poñerme dúas letras mais adiante. Non recibín nada e supoño o moito traballo que o impediu. Pola miña parte traballo arreo no que poido. O 21 remátase a cuarta exposición deste ano e o 9 de Novembro inaugúrase outra de pasteles, sempre con temas de Galicia, que é un país que está a morrer por falta de información axeitada no corazón dos emigrantes. O único que trouxo noticias foi Domingo, que por outra parte confirmou polas súas conferencias a admiración que xa lle tiñan as xentes de aquí. Para nos non podo dicir canto significou, a pesares de ser recente a nosa estancia en Galicia, e ternos dadas tantas probas de amizade.

Falando de outra cousa, agora en novembro sairá á rua o libro meu, Imágenes de Galicia, setenta e dous grabados en madeira e un prólogo bastante extenso en castelán e galego. Na colección onde van incorporados os idiomas castelán e inglés. Fáloche de min, non teño outra de que che escribir. En febreiro ou marzo estaremos Maruja e eu nesa. Non sabemos aínda si definitivamente ou por outro ano mais. Non podemos decidirnos.

A fin de ano ou nos comenzos da temporada artística do ano que ven inauguro unha mostra importante da miña obra no Museo da cidade de Santa Fe, un dos grandes museos da Arxentina. (Teño que che dicir que as sociedades de "Amigos do Museo" aquí, e nos Estados Unidos, teñen a súa residencia nos mesmos Museos, tal como o proietaba eu coa esperanza de pertencer ás sociedades do Museo Nacional de Bellas Artes e Museo Municipal de Arte Moderno de Buenos Aires. O mesmo en todo o resto do meu proieto. Mais non importa. Ese é un capídoo rematado da miña vida social en canto a Galicia e súmase á perda de tantos anos de vida nela, da obra feita por Galicia, fora dela, de tanto soño perante coarenta anos, e das obras de arte galegas que trouxen ao exilio que gardei, adequirín, troquei, etc., e o que mais ameí. Cada unha delas ten para unha historia. Unha historia soio pra min).

Supoñemos xa casados a Fernando e Milagro, supoñemos a todos ben. Nos lembrámonos moito de todos os amigos. Non contestes si non tes lecer pra facelo.

Unha grande aperta para ti, Fernanda, Milagro e Fernando, de Maruja e miña: .....

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.